



AUTORIZACIÓN DE MATRÍCULA DE MATERIAS EXTINGUIDAS CONSONTE A PLANOS RENOVADOS

A Xunta de Goberno aprobou na sesión do 16 de xuño a modificación das Normas de Xestión Académica. Entre estas modificacións figuraba unha relativa á adaptación obrigatoria e voluntaria dos planos de estudio co obxecto de facilitar a conclusión dos estudos polos planos en proceso de extinción.

Co fin de clarexar a interpretación deste epígrafe así como de establecer o procedemento para a resolución das solicitudes que presenten os alumnos ó abeiro deste acordo compre dicta-la seguinte

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO : ALUMNOS AFECTADOS : Os que están a cursar planos de estudio en proceso de extinción e que teñen materias pendentes sen dereito a exame, sempre que estas poidan ser adaptadas por un máximo de tres asignaturas do plano novo, poderán solicitar a matrícula polo plano renovado nesas materias para o curso 1998/99. No resto das asignaturas deberá matricularse polo plano vello. Esta matrícula só poderá realizarse ata amortización total do plano vello.

SEGUNDO : Os alumnos deberán presentar estas solicitudes durante o período de matrícula ordinaria nas Unidades de Xestión Académica correspondentes á súa titulación . As Unidades envíaranas, xunto coa copia do expediente académico do alumno , ós centros para o seu informe.

TERCEIRO: Os centros deberán emitir informe, respecto das solicitudes que se presenten, no que deberá figurar a correspondencia entre as materias sen dereito a exame e as do plano renovado así como a conveniencia ou non da autorización, enviando o expediente ó Servicio de Alumnado.

CUARTO: As materias adaptadas, ó abeiro desta instrucción, non estarán sometidas a control de convocatorias. A materia ou materias extinguidas entenderanse que están aprobadas cando todas a súas equivalentes do plano renovado sexan aprobadas. A imputación da cualificación ó expediente do alumno só se producirá neste momento .



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

QUINTO: A liquidación dos prezos públicos farase por créditos para as materias do plano renovado. Para o resto das materias estarase o que establece o decreto de prezos públicos para a matrícula dos planos sen renovar. No caso de solicitude de bolsa os alumnos deberán equipararse ós matriculados por planos vellos.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 1998

**O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓN.**



Celso Rodríguez Fernández

SR. SECRETARIO XERAL, SRS./AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTRO, SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS, SR. DIRECTOR DO COIE, SRS/A XEFES/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.